

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

## **ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

### **Datos da entidade solicitante**

Nome:

NIF:

Dirección:

Correo electrónico a efectos de notificación:

### **Datos do representante da entidade**

Nome:

DNI:

Teléfono:

Dirección:

### **Expón:**

- Que a entidade que represento cumpre cos requisitos esixidos na convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións para a construción de ecoaloxamentos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGeneration EU.
- Que asume todos os compromisos reflectidos na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida nesta.

### **Solicita:**

Unha subvención total de \_\_\_\_\_ € recollidos no anteproxecto \_\_\_\_\_ para a construción de ecoaloxamento no Concello de \_\_\_\_\_, dentro da área de intervención do Plan de Sustentabilidade Turística Ourense Colle Velocidade, Vilas Históricas e Termas.

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025.

(Asinado electronicamente polo representante da entidade)

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

## ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/dona \_\_\_\_\_, DNI \_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_, NIF \_\_\_\_\_, En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras desta convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao amparo do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiario/a da subvención solicitada e posteriormente proceder á cobranza da mesma, DECLARA RESPONSABLEMENTE:

**PRIMEIRO:** Que non se atopa incurso/a en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**SEGUNDO:** Que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ao exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedente da subvención.

Manifesto que son coñecedor da obrigación de comunicar á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidese producirse en diante respecto ao anteriormente manifestado, e para que conste así, asino esta declaración.

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025.

(Asinado electronicamente polo representante da entidade )

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

### **ANEXO III. AUTORIZACIÓN**

Don/Dona \_\_\_\_\_, DNI \_\_\_\_\_, en  
representación de \_\_\_\_\_, NIF \_\_\_\_\_, **AUTORIZO:**

Á Deputación Provincial de Ourense ao envío de comunicacións a través do correo electrónico e/ou sms, indicados na solicitude, a comunicación de aviso previo do inicio do prazo de corrección de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, do inicio do trámite de audiencia, da publicación do acordo de resolución do concurso e do aviso previo do inicio do prazo de corrección de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención outorgada no concurso público para a concesión de subvencións para a construción de ecoaloxamentos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGeneration EU.

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025.

(Asinado electronicamente polo representante da entidade)

## **ANEXO IV. MODELO DE DECLARACIÓN DE CESIÓN E TRATAMENTO DE DATOS EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA**

### **Expediente:**

### **Contrato:**

Don/Dona ....., DNI ....., como  
conselleiro delegado/xerente/  
entidade....., con NIF  
....., e domicilio fiscal  
en..... que  
participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias  
para a consecución dos obxectivos definidos no **Compoñente 14 «Plan de  
modernización e competitividade do sector turístico», declara coñecer a  
normativa que é de aplicación, en particular, os seguintes apartados do artigo 22,  
do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de  
febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e  
Resiliencia:**

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, a efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de Recuperación e Resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar buscas e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adjudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do Plan de Recuperación e Resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das devanditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme co marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., de ..... de 2025

Asdo.: .....

Cargo: .....

## ANEXO V. MODELO DE DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (DACI), DESTINADAS A CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS

### Expediente:

### Contrato:

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación referenciado, o abaixo asinante, como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente 14 «Plan de modernización e competitividade do sector turístico», no indicado expediente de contratación, declara:

### Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal».

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisorias, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

– «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».

– «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterà, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2. d). iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, que constan nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos colexios de notarios e rexistradores».

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

**Segundo.** Que, no momento da sinatura desta declaración e á luz da información que consta no seu poder, non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar ao procedemento de licitación.

**Terceiro.** Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de interese que puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

**Cuarto.** Que coñece que unha declaración de ausencia de conflito de interese que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

## **ANEXO VI. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE DATOS BÁSICOS DA PERSOA TITULAR REAL DA ENTIDADE BENEFICIARIA DOS FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.**

**Expediente:**

**Contrato:**

D./D<sup>a</sup>. ... .. , con DNI. núm. ... .. ,  
actuando:

en nome propio

en representación da entidade licitadora ... .. , con  
CIF núm. ... .. , en calidade de ... .. <sup>1</sup>

Conforme co establecido no artigo 10 da Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, e o artigo 22.d) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro, declara ante o órgano de contratación, baixo a súa responsabilidade e en nome e representación da persoa contratista/subcontratista os seguintes datos da persoa “titular real” da entidade beneficiaria dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)

**NOME DO TITULAR REAL:**

**DATA DE NACEMENTO:**

(Lugar, data e firma)

---

<sup>1</sup>Apoderado ou apoderada, administrador ou administradora única, solidaria, mancomunada, etc.

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

## **ANEXO VII. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PROTECCIÓN DOS INTERESES FINANCIEROS DA UNIÓN.**

### **Expediente:**

### **Contrato:**

Don/Dona ....., DNI ....., como Conselleiro Delegado/Xerente/ da entidade....., con NIF ....., e domicilio fiscal en..... que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no **Compoñente 14 «Plan de modernización e competitividade do sector turístico»**, **DECLARA:**

Que a entidade á que represento **autoriza expresamente e concede os dereitos e accesos** para garantir que a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias e, en particular, de maneira expresa, a autorización prevista no artigo 22.2.e), do Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021).

(Data e firma, nome completo e DNI)

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

## **ANEXO VIII. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE “NON CAUSAR PREXUÍZO SIGNIFICATIVO” AOS SEIS OBXECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS NO SENTIDO DO ARTIGO 17 DO REGULAMENTO (UE) 2020/852**

### **Expediente:**

Identificación da actuación	
Compoñente	Compoñente 14 «Plan de modernización e competitividade do sector turístico»
Investimento	Investimento 1 "Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade" Submedida 2 "Plans de Sustentabilidade Turística en Destino"
Etiquetaxe climática	Sen etiqueta

Don/Dona ....., DNI ....., como conselleiro delegado/xerente/ da entidade....., con NIF ....., e domicilio fiscal en ..... que participa como **contratista/subcontratista** no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no **Compoñente 14 «Plan de modernización e competitividade do sector turístico»**, a través do contrato referenciado, e DECLARA que as actividades que levará a cabo para a execución do contrato cumpren co seguinte:

1. As actividades que se desenvolven non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos medioambientais, segundo o artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles mediante a implantación dun sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sostibles:
  - 1.1. Mitigación do cambio climático.
  - 1.2. Adaptación ao cambio climático.
  - 1.3. Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.
  - 1.4. Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
  - 1.5. Prevención e control da contaminación na atmosfera, a auga ou o chan.
  - 1.6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.
2. As actividades adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida da Compoñente e reflectidas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

3. As actividades que se desenvolven no proxecto cumprirán a normativa medioambiental vixente que resulte de aplicación.
4. As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01), á Proposta de Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España e ao seu correspondente anexo:
  - 4.1. Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
  - 4.2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior destes, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no anexo III da Guía Técnica da Comisión Europea.
  - 4.3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereito de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.
  - 4.4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.
  - 4.5. Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando estas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non leven consigo un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou a unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
  - 4.6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando estas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresiduos, sempre que tales accións non leven consigo un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou a unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

- 4.7. Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente.
5. As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.
- O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigaçión de devolver as cantidades percibidas e os intereses de mora correspondentes.

(Data e firma, nome completo e DNI)

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

## **ANEXO IX. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS DE MINIMIS RECIBIDAS.**

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

## **ANEXO X. MODELO DE COMPROMISO DE ADHESIÓN AO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDES DA DEPUTACIÓN DE OURENSE.**

### **Expediente:**

### **Contrato:**

Don/Dona ....., DNI ....., en  
calidade de apoderado/ conselleiro delegado/xerente/ da entidade  
....., con NIF  
....., e domicilio fiscal en .....  
que participa como **contratista/subcontratista** no desenvolvemento de actuacións  
necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente 14 «Plan de  
modernización e competitividade do sector turístico», declara/n formalmente o  
compromiso a:

Facilitar o cumprimento do Plan de medidas antifraudes da Deputación de Ourense para  
os fondos Next Generation EU, entendendo que calquera acción contraria a este será  
obxecto de inicio dun expediente e, no seu caso, poñerá en coñecemento do Servizo  
Nacional de Coordinación Antifraudes –SNCA-, para a súa valoración e eventual  
comunicación á Oficina Europea de Loita contra a Fraude.

(Data e firma, cargo, nome completo e DNI)

«Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiada pola Unión Europea – NextGenerationEU»

## ANEXO XI. RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS

D/D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ en nome propio ou en  
representación da entidade \_\_\_\_\_ con NIF nº:  
\_\_\_\_\_.

DECLARO: Que os gastos efectuados pola entidade para a construción de  
ecoaloxamentos, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e  
Resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGeneration EU, orzamentado  
nun total de \_\_\_\_\_ euros, son os seguintes:

	DATA	Nº FACTURA	PROVEDOR	CONCEPTO	IMPORTE	IDENTIFICACIÓN DOC. DE PAGO	DATA PAGO	DO
1								
2								
3								
4								
5								
6								
7								
<b>GASTO TOTAL DO PROXECTO EXECUTADO</b>								

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025.

(Asinado electronicamente polo representante da entidade)